

Venres, 16 de Xuño de 2006




Nova

## O CESGA e os colectivos galegos de usuarios de GNU/Linux, xuntos a prol do software libre



Haberá [máis cooperación](#) a prol do software libre entre a Xunta e as comunidades de informáticos que empregan e desenvolven estes programas. Isto é o que se desprende do acordo asinado este xoves 15 en San Caetano entre o [Centro de Supercomputación de Galicia](#) (CESGA) e os Grupos Galegos de Usuarios GNU/Linux (GUGL). Segundo este achegamento, ámbalas partes traballarán de xeito conxunto para facer que os programas de

código aberto sexan en Galiza algo máis ca ferramentas minoritarias, acadando así niveis de emprego semellantes ós dos países nórdicos ou ós dos Estados Unidos.

Cómpre sinalar que baixo o epígrafe “*grupos de usuarios de Linux*” áchanse un bo número de colectivos participantes neste proxecto: a Asociación de Usuarios de Linux da Universidade de Santiago de Compostela ([AULUSC](#)), a Asociación de Usuarios GNIX ([AGNIX](#)), a Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Ourense ([GULO](#)), a Asociación Universitaria Grupo de Programadores y Usuarios de Linux ([GPUL](#)), a Asociación Cultural Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra ([GALPON](#)) e a Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Galicia ([GLUG](#)). Segundo informaron ámbalas partes durante a sinatura do acordo, a iniciativa será coordinada dende o CESGA e materializarase na organización de seminarios, congresos, actividades de difusión, distribucións de programas, libros ou manuais (todo isto poderemos seguilo de preto na web [Mancomun.org](#), posta en marcha hai uns meses para fortalecer en Galiza o compromiso polo software libre, aquel que \_como ben ten amosado o sistema operativo GNU/Linux\_ é de balde e permite o acceso ó código fonte, posibilitando a súa modificación e mellora).

Entrevista



**Pablo López**  
Consultor e xerente de Hacce

Firma convidada



**Moncho Paz**  
Moderador de Xanela Aberta en Código TV


**Agasallos Promocionais por Internet**

[www.promosbbt.com](http://www.promosbbt.com)

**Telf.: 902 181 182**




Novo número  
**GRATUÍTO**  
**900855111**  
de **RESPOSTAS**  
sobre a telefonía e  
o acceso a internet



Construya su  
reputación  
con **Windows  
Server System.**

Conozca la  
experiencia  
**Motorola**



Windows Server System



**movistar**



**2,65%**  
TAE  
a 2 meses  
Desde 2.000 euros



**G**  
**GALICIA INNOVACIÓN**  
Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento  
e Innovación Tecnolóxica, 2002-2005



**Consejo Asesor de  
Telecomunicaciones  
e Audiovisual**

**Grupo Código Cero Comunicación**

UNINOVA- Recinto MercaGalicia

Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n

15890 Santiago de Compostela

Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24

Telefax 981 55 77 07

[webmaster@codigocero.com](mailto:webmaster@codigocero.com)



Premio EGANET á Mellor Web de  
Medios de Comunicación